

Lembro cando a Bob Dylan lle deu polo catolicismo. Todo o mundo pode ter un mal día, mais, ao vello bardo, a cousa duroulle aínda uns anos. Daquela, en 1979, nunha coñecida canción do *Slow Train Coming*, viña a dicir que Deus puxera nome a todos os animais. *In the beggining*. Si, iso foi no comezo do mundo, cando Deus aínda non tiña competencia. Mais agora, coa historia un pouco máis adiantada, e os fabricantes de pensos escollendo os mellores nomes, o imaxinativo homo sapiens ten moitos problemas para bautizar ás súas mascotas.

Se cadra, tanto ten, pois sospeito que os animais non se recoñecen nos nomes que lles damos. Aínda que moita xente afirma que entenden todo canto lles falan. Non sei. Seica hai, tamén, quen bota longos parrafeos coas ánimas do Purgatorio. Eu mantéñome escéptico. Xa, moitas veces, entre nos, seres vivos, racionais e bilingües, a comunicación ven a ser un problema irresoluble. **Hai uns meses, tiven a oportunidade de ver o excelente documental *The grizzly man***

(2005), baseado nas filmacións en vídeo que Timothy Treadwell fixo durante trece anos nunha reserva de osos pardos de Alaska. Con algunhas destas significativas imaxes, o cineasta alemán Werner Herzog, nun sutil e complexo exercicio de montaxe que suscita interesantes preguntas sobre os límites das relacións entre especies, amosa como o protagonista, ao abeiro dun fanático discurso proteccionista que agocha a carencia dun sentido vital, procura unha relación inmediata e directa cos osos, convivindo entre eles no seu territorio, e reducindo toda distancia ata chegar ao contacto físico. Unha relación que rematou coa súa arrepiante e agónica morte, e a da súa compañeira, en setembro de 2003, a mans dun oso vello e famento.

Tampouco é que precisemos ir moi lonxe para atopar bechos exóticos. Aquí temos dabondo. Para iso están as tendas de animais non humanos, ese sofisticado escenario onde o sentimental homo sapiens síntese o feliz protagonista dun complexo e suarento rescate. A apegañosa e lambida influencia de Walt Disney, máis ala das panxoliñas infinitas e as rúas iluminadas do Nadal, amósase plena e resplandecente.

I go, i go.

O certo é que á canceira fáltalle
glamour

, e as cousas, cando se paga por elas, valóranse moito máis. Ademais, non hai como un produto novo, do trinque, que poidamos modelar a xeito. Diante da virxindade, a inocencia, a pureza, quen quere ser segundo prato? A vella canción con novas melodías. Se cadra, o antropocentrismo só cambia de escala e obxecto, pois, ata hai ben pouco, eran espécimes humanos os que enchían as gaiolas de raza, clase ou xénero. Aínda que a Declaración dos Dereitos Humanos e a corrección política fixeron estragos, a cousa continúa, aínda hoxe, dun xeito máis ou menos agochado. De aí, supoño, o Nobel da Paz para os europeos. Polo agocho ben feito.

Dos nomes dos animais.

Escrito por Fino Lorenzo

Martes, 18 Decembro 2012 19:26

Eu tiven ao oso diante en tres ocasións. Alí parado, como non che da conversa, non sabes o que está a pensar. É, entón, só queda saír correndo (Dunha entrevista televisada cun pastor cántabro octoxenario)□

Opoñéndose ás verbas de Dylan, a nosa especie leva milleiros de anos poñendo nomes a todo. Algúns son moi bos. Outros non tanto. Ai tedes o mesmo Homo Sapiens. Un nome inventado. Ilusorio. Tan arbitrario, polo de agora, como Estado de Dereito. Ou a mesma Razón. Hai só cen anos, o vello Freud xa cuestionaba esa suposta racionalidade, dándolle máis importancia ás nosas pulsións inconscientes. Tamén, medio século antes, o mesmo Darwin, nas súas teorías da evolución, rexeitaba que o home fora o centro do mundo. E aínda seguimos alporizados. Abofé que, como especie, non nos podemos permitir eses ataques á autoestima. Mellor pensar que, desde o mesmo berce, posuímos uns supostos dereitos naturais sobre o resto da natureza. Exclusivos, especiais, únicos... aínda durmindo baixo unha ponte. Por outra banda, non esquezamos que incluír aos animais non humanos nas nosas consideracións éticas obrigaríanos a reconsiderar todo o sistema económico e produtivo. E non pode ser. Como xa defendían os vellos librepensadores decimonónicos, a solución está nunha boa Educación Racional. Así sucede nas nosas Sociedades Desenvolvidas, onde, por iso de fornecer os soños e a imaxinación, atopámonos cunha morea de ideas e valores de tempos precientíficos. Espíritos, vampiros, milenaristas, heroes, virxes, anxos, demos, mártires, ánimas e outros seres mitolóxicos. Nese discurso, dentro e fora da escola, a ciencia e o coñecemento só teñen sentido nas súas aplicacións prácticas, polo poder, comodidades e riqueza que proporcionan. De todo iso decatárase aquel biólogo francés, Jacques Monod, que, no seu afamado ensaio de 1970,

O azar e a necesidade

, definía os contidos do ensino, nos países mais adiantados de Occidente, como unha confusa mestura de educación relixiosa, progresismo cientifista, crenza nos presuntos dereitos naturais do home e pragmatismo utilitarista. Iso é. Racionalidade pura e dura. Como ten que ser. Pois, acomplexados e vulnerables como somos, se non tivéramos o bafo divino do noso lado,

In God we trust,

como iamos a intervir, tan ledamente, no noso ámbito vital, nesa fermosa natureza sen explotar, nesas inmensas reservas sen espremer. Abofé que é un acordo necesario, imprescindible. Unha nova e rendible Alianza para o Progreso. Así, en maiúsculas.

Antropocentrismo era unha palabra fea, mal concibida e deseñada. Cargada de negatividade. Sen futuro. Era unha palabra grega. Agora manexamos un novo concepto que mantén a autoestima humana no alén estratosférico. Un concepto categórico, redondo, rotundo. Útil. Chamámolo Creacionismo.